

RESOLUCIÓN REITORAL DE 12 DE FEBREIRO DE 2019 POLA QUE SE CONVOCAN BOLSAS PARA ALUMNADO QUE INICIA ESTUDOS DE MÁSTER no curso 2018/2019

O Real decreto 1000/2012, do 29 de xuño, polo que se establecen os umbrais de renda e patrimonio familiar e as contías das bolsas e axudas ao estudo para o curso 2012/2013, e modifica parcialmente o Real Decreto 1721/2007, do 21 de decembro (BOE núm. 160, do 5 de xullo), modificou os requisitos académicos xerais para poder acceder ás bolsas de carácter xeral para ensinanza universitarias convocadas polo Ministerio de Educación E Formación Profesional.

O cambio dos requisitos académicos afectou, entre outros, ao alumnado de primeiro curso de máster oficial, que teñen que acreditar para recibir a bolsa do MEFP unha nota media igual ou superior a 6,5 puntos para os estudos de máster que habilitan ou que son condición necesaria para o exercicio dunha profesión regulada, e unha nota media igual ou superior a 7 puntos nos restantes estudos de máster.

En consecuencia, coa finalidade de garantir que todo o alumnado que cumpra as condicións para iniciar estudos de máster oficial con aproveitamento poida acceder en condicións de igualdade aos ditos estudos, e poida desenvolverlos sen ser excluído por razóns económicas, nin por razóns académicas, debido ás variacións normativas producidas a nivel estatal polo Real decreto antes mencionado, a Universidade de Vigo considera prioritario dar apoio económico ao devandito alumnado para facer fronte aos gastos derivados da matrícula sempre que cumpra os requisitos establecidos na presente convocatoria.

Vista a *Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións* e as súas normativas de desenrolo.

En virtude das facultades que lle outorgan a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril, de Universidades e o artigo 58 do Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar bolsas, en réxime de concorrencia competitiva, para financiar os prezos públicos derivados da matrícula do curso 2018/2019 para o alumnado de primeiro curso de máster oficial, que serán xestionados de acordo coas bases reguladoras que figuran no Anexo I.
2. Ordenar a publicación desta convocatoria e as bases que a regulan no [portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antes citado namentres non recaia

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s19N0000119

CSV

GEISER-7e1c-6c18-3580-421a-8ea1-6a07-48ed-aabe

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

14/02/2019 09:09:46 Horario peninsular

Validez del documento

Original



resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, 12 de febreiro de 2019

O reitor

Por delegación RR 01/12/2018 (DOG 07/12/2018)

A vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria,
(asinado dixitalmente)

Natalia Caparrini Marín

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s19N0000119

CSV

GEISER-7e1c-6c18-3580-421a-8ea1-6a07-48ed-aabe

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

14/02/2019 09:09:46 Horario peninsular

Validez del documento

Original



BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA ALUMNADO QUE INICIA ESTUDOS DE MÁSTER OFICIAL NO CURSO ACADÉMICO 2018/2019**1. OBXECTO**

Estas bolsas teñen por obxecto financiar os prezos públicos derivados da matrícula, do alumnado que inicia estudos de máster oficial e que se ve afectado polos cambios de requisitos académicos introducidos polo RD 1000/2012, do 29 de xuño (BOE do 5 de xullo).

2. REQUISITOS

Poderá participar na presente convocatoria o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

2.1. Requisitos xerais

- a) Posuír a nacionalidade española ou doutro país da Unión Europea, ou de terceiros países cando se acredite a condición de residente en España.
- b) Non estar incluído nos casos de exención total de prezos públicos previstos no Decreto 68/2018, do 21 de xuño (DOG do 5 de xullo), polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional nas ensinanzas universitarias para o curso 2018/2019.
- c) Poderá obterse a condición de beneficiario destas axudas aínda que non se cumpran os requisitos establecidos no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, en consonancia co disposto no artigo 4.5 do Real Decreto 1721/2007, de 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas.

2.2. Requisitos académicos

- a) Estar **matriculado/a** por **primeira vez** nun máster no curso académico 2018/2019 de **60 créditos** ou curso completo.
- b) Obter nos estudos previos que lles dean acceso ao máster unha **nota media inferior** a:
 - 6,5 no caso de estudos de máster que habiliten para o exercicio dunha profesión regulada.
 - 7 nos restantes estudos de máster.
- c) Non estar en posesión dunha titulación universitaria do mesmo nivel ou superior ao correspondente aos estudos para os cales solicita a axuda.

2.3. Requisitos económicos:

- a) Que a **renda** da unidade familiar calculada tal e como se establece na convocatoria xeral de bolsas MEFP, non supere os seguintes limiares:
 - Familias de 1 membro: 14.112,00 euros.
 - Familias de 2 membros: 24.089,00 euros.
 - Familias de 3 membros: 32.697,00 euros.
 - Familias de 4 membros: 38.831,00 euros.
 - Familias de 5 membros: 43.402,00 euros.

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s19N0000119

CSV

GEISER-7e1c-6c18-3580-421a-8ea1-6a07-48ed-aabe

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

14/02/2019 09:09:46 Horario peninsular

Validez del documento

Original



- Familias de 6 membros: 46.853,00 euros.
- Familias de 7 membros: 50.267,00 euros.
- Familias de 8 membros: 53.665,00 euros.

A partir do oitavo membro engadiranse 3.391,00 euros por cada novo membro computable.

b) Que o **patrimonio** familiar non supere os seguinte limiares:

- A suma de rendementos netos reducidos de capital mobiliario máis o saldo neto positivo de ganancias e perdas patrimoniais non poderá superar 1.700,00 €
- A suma de valores catastrais das fincas urbanas pertencentes á unidade familiar, excluída a vivenda habitual, non poderá superar 42.900,00 €.

Os valores catastrais pondéranse polos coeficientes establecidos na normativa de bolsas MEFP de carácter xeral para estudantes universitarios para o curso 2018/2019

Será de aplicación a efectos do cálculo da renda e do patrimonio, e da composición da unidade familiar o disposto na normativa de bolsas MEFP de carácter xeral para estudantes universitarios para o curso 2018/2019. **No caso de ter solicitado bolsa xeral do Ministerio de educación (MEFP) tomarse a mesma unidade familiar declarada ao MEFP.**

3. INCOMPATIBILIDADES

As bolsas que se establecen nesta convocatoria son incompatibles con calquera outra axuda da mesma natureza e finalidade.

4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a esta axuda irán con cargo á aplicación orzamentaria 2019 0000 121D 482.02 e o importe do crédito orzamentario retido ascende a 125.000,00 € para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

2. A contía da bolsa será equivalente ao **importe dos prezos públicos por servizos académicos** no curso académico 2018/2019. So se percibirá o importe correspondente a unha titulación no caso de simultaneidade de estudos.

3. Quedan excluídas do importe da axuda as exencións e bonificacións do pagamento dos prezos ás que teña dereito a persoa beneficiaria, e os importe do recargo por falta de pagamento de ser o caso.

4. O pagamento da bolsa efectuarase no prazo de un mes desde a resolución, unha vez comprobado que as persoas beneficiarias están ao día no pago dos prezos correspondentes. Se existen importes de prezos públicos pendentes de aboar compénsanse co importe da bolsa e procédese a recalcular o importe da devolución.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

A solicitude realizarase a través do formulario dispoñible na web da universidade: <http://seix.uvigo.es> na páxina de inicio prema en "SVE – Secretaría Virtual Estudiantes" e no menú da esquerda seleccione "bolsas propias / Inicio máster".

O prazo de presentación das solicitudes será dende o día seguinte ao da publicación desta resolución ata o **1 de marzo de 2019**.

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s19N0000119

CSV

GEISER-7e1c-6c18-3580-421a-8ea1-6a07-48ed-aabe

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

14/02/2019 09:09:46 Horario peninsular

Validez del documento

Original



No caso de ter presentado solicitude de bolsa xeral do Ministerio de Educación (MEFP) non é necesario presentar documentación. En caso contrario xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

- Copia do NIF de todos os membros computables da unidade familiar. En caso de estudantes estranxeiros non comunitarios, será obrigatorio a presentación do NIE e os de todos os membros computables da unidade familiar que residan en España.
- Documentación acreditativa das distintas situacións que afecten á composición da unidade familiar (sentenza de divorcio, certificado de convivencia da unidade familiar, independencia económica e familiar...).
- Documentación acreditativa das situacións que dan dereito a dedución no cálculo da renda (familia numerosa, orfandade, certificado de discapacidade, irmáns estudantes universitarios residentes fora do domicilio familiar durante o curso anterior ...)
- Documentación acreditativa dos ingresos percibidos no estranxeiro polos membros da unidade familiar.
- No caso de que os estudos de acceso ao máster foran realizados nunha universidade distinta á de Vigo, copia da certificación académica persoal.
- Calquera outro documento que a comisión de selección estime necesario para a correcta resolución da solicitude e que lle sexa solicitado.

Os datos persoais recollidos na solicitude serán tratados pola Universidade de Vigo para a xestión de subvencións. O responsable do tratamento destes datos é a Universidade de Vigo diante da que se exercitarán os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, oposición ou portabilidade dos datos.

6. COMPROBACIÓN DE DATOS

A Universidade poderá recabar os datos necesarios para a verificación do cumprimento dos requisitos de renda e patrimonio das administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña.

No caso de existir oposición, ou que as administracións non dispoñan de datos ou existan dificultades técnicas que impidan a súa cesión, a persoa solicitante deberá presentar os documentos que acheguen información sobre a renda e patrimonio da unidade familiar.

7. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A Sección de Axudas e Bolsas rematado o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de persoas admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo **de dez días hábiles** contados a partir do día seguinte á publicación para emendar os erros e a falta de documentación presentando o formulario de alegacións, no [portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Unha vez revisadas as alegacións a selección será efectuada pola Comisión de selección de acordo co disposto no parágrafo seguinte.

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s19N0000119

CSV

GEISER-7e1c-6c18-3580-421a-8ea1-6a07-48ed-aabe

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

14/02/2019 09:09:46 Horario peninsular

Validez del documento

Original



No suposto de que o orzamento dispoñible nesta convocatoria non fose suficiente para atender a todas as persoas con dereito a percibir esta axuda, terán prioridade as solicitudes que teñan a menor **renda per cápita** empezando polas rendas máis baixas, de acordo coa renda individual familiar resultante de dividir a renda da unidade familiar entre o número de membros.

A Comisión de selección está composta por:

Presidenta: Natalia Caparrini Marín, vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria.

Secretaria: María Guadalupe Fernández Romero, xefa da Sección de Bolsas e Axudas

Vogais: Teresa Martínez Táboas, profesora da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo

Miguel Angel Nombela Castaño, profesor da Facultade de Ciencias do Mar

Uxío Pérez Rodríguez, profesor da Facultade CC da Educación e do Deporte

Óscar Rubiños López, profesor da E.T.S.E. de Telecomunicación

Ana María Torrado Agrasar, profesora da Facultade de Historia

Nicolás Balsa Fernández, alumno da Facultade de Dereito (Ourense)

Daniel Lamas Novoa, alumno da Escola de Enxeñaría Industrial

Mauro Rivas Ferreiro, alumno da Facultade de Bioloxía

Rosa Graña Costas, xefa Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos

Efectuada a selección pola Comisión, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de bolsas concedidas e denegadas**, coa mención da causa de denegación, e a **listaxe de agarda** para o caso de existir renuncias.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **dez días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación, presentando o formulario de alegacións, no [portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Revisadas as alegacións pola Comisión, a Sección de Axudas e Bolsas elevará a proposta de **resolución definitiva de concedidas, denegadas e agarda** á Vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, para a súa publicación.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Todas as resolucións ás que se refire ente punto publicaranse no [portal de bolsas](#) da web da universidade.

Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que éstas teñan a consideración de notificación.

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s19N0000119

CSV

GEISER-7e1c-6c18-3580-421a-8ea1-6a07-48ed-aabe

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

14/02/2019 09:09:46 Horario peninsular

Validez del documento

Original



8. OBRIGAS

A persoa beneficiaria deberá:

- estar matriculada na Universidade de Vigo durante todo o curso académico 2018/2019 para poder manter a súa condición de bolsreira.
- declarar todas as bolsas ou axudas concedidas ou solicitadas no curso 2018/2019.

Ademais o beneficiario/a debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da Lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que lle sexa de aplicación.

9. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

A renuncia voluntaria á bolsa deberá facerse por escrito e comunicada á Sección de Bolsas co reintegro da contía correspondente no caso de terse efectuado o pago.

10. REVISIÓN E REINTEGRO DAS AXUDAS

Son causas de reintegro destas axudas:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- A ocultación de datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas, está obrigada a reintegrar á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s19N0000119

CSV

GEISER-7e1c-6c18-3580-421a-8ea1-6a07-48ed-aabe

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

14/02/2019 09:09:46 Horario peninsular

Validez del documento

Original

